

ACORDO do 27 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico), en relación co proxecto de execución da LAT 132 kV, evacuación parque eólico Vacaloura, nos concellos de Portomarín, Monterroso e Taboada (Lugo) (expediente IN408A 2021/019), DOG Núm. 201, de 21 de outubro de 2022. **Prazo para remitir alegacións: 07/12/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221021/AnuncioV0653-270922-0009_gl.html

<https://economia.xunta.gal/transparencia/instalacions-electricas/lat-vacaloura>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
LAT 132 kV evacuación PE Vacaloura	Green Capital Power, S.L., NIF B-85945475	Portomarín, Monterroso e Taboada (Lugo)	Liña de evacuación da enerxía eléctrica xerada polo parque eólico de Vacaloura de 132 kV de tensión nominal, cunha lonxitude total de 15.649 m e que conta cun só tramo aéreo que discorrerá desde a SET do parque de Vacaloura polos montes dos concellos de Portomarín, Monterroso e Taboada, na provincia de Lugo, cruzando varias estradas provinciais e municipais, e finaliza no apoio 21 da LAT 132 kV Maxal-Belesar. A configuración do tramo aéreo será de simple circuíto en triángulo con condutor A-180 e cable de garda OPGW 2...48 F.O. A traza está definida por 19 vértices e prevese a instalación de 67 apoios.

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) das instalacións.

Documentación que se expón:

- O proxecto de execución (de febreiro de 2021).
- O estudo de impacto ambiental (EIA) (de xuño de 2022).
- O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico, de febreiro de 2021).